

SECRETARÍA GOBERNO LOCAL

Concellería de SEGURIDADE, CONTRATACIÓN, FESTAS E XESTIÓN MUNICIPAL

CONCELLO DE VIGO



INFORME XURIDICO PROPOSTA E RESOLUCIÓN

Expte: 1621/1102

Asunto: solicitud de acceso a información pública

ANTECEDENTES

En data 18.12.2024, dona [REDACTED] solicita acceso ao expte de licitación 160-441 Así mesmo no escrito que achega a solicita ao concello que "Facilite a esta parte como interesada, el acceso a la documentación que integran los proyectos mencionados en su solicitud de 13 de marzo de 2020, solicitud contenida en el expediente número 216922 /323; y en concreto aporte y facilite el acceso a la información de acceder al informe técnico que con carácter previo a la licitación, de acuerdo a lo establecido en el apartado 3 del artículo 333 de la Ley 9/2017, de 8 de noviembre, de Contratos del Sector Público, y del artículo 7 de la Orden HFP/1381/2021, de 9 de diciembre, en el que se recoge todas las actuaciones de la licitación número 160-441."

En data 30.01.2023 emitíuse informe da Área de Goberno de Fomento e Servizos.

LEXISLACION APLICABLE

- [Constitución Española de 1978](#)
- [ei 40/2015, do 1 de outubro, do réxime xurídico do sector público \(LRXSP\)](#)
- [Lei 7/1985, do 2 de abril, das Bases do Réxime Local \(LBRL\)](#)
- [Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas \(LPAC\)](#)
- [Lei 19/2013, do 9 de decembro, de Transparencia, Acceso á Información Pública e Bo Goberno \(LTAIBG\)](#)
- [Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e Garantía dos Dereitos Dixitais \(LOPDGDD\)](#)
- [Regulamento \(UE\) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, de 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento dos datos persoais e á libre circulación destes datos e polo que se deroga a Directiva 95/46/CE \(RGPD\)](#)

CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

PRIMEIRO.- Do acceso á información solicitada.-

A Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, regula no seu artigo 12 o dereito de acceso á información pública, preceptuando que "Todas las personas tienen derecho a acceder a la información pública, en los

Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 28/02/2024 14:00	Páxina 1 de 6
1621-1102	[REDACTED]	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

términos previstos en el artículo 105,b) de la Constitución Española, desarrollados por esta Ley.

Asimismo, y en el ámbito de sus respectivas competencias, será de aplicación la correspondiente normativa autonómica.”

O acceso á información constitúe un verdadeiro dereito subxectivo que se configura de maneira ampla en tanto que son titulares do mesmo todas as persoas sen que as mesmas teñan que alegar interese específico nin ser preciso a motivación da súa solicitude.

SEGUNDO.- Da solicitude formulada.-

A vista da solicitude formulada por parte da Área de Fomento e Servizos emitíuse o seguinte informe

"A información solicitada relativa ao expediente de licitación número 160-441, expediente de contratación das obras de "HUMANIZACIÓN DA RÚA RONDA DE DON BOSCO", atópase dispoñible como parte da documentación publicada na licitación, na Plataforma de Contratación do Sector Público, e dispoñible na seguinte ligazón:


https://contrataciondelestado.es/wps/portal/!ut/p/b0/04_Sj9CPyKssy0xPLMnMz0vMAfIjU1JTC3Iy87KtUIJLEnNyUuNzMpMzSxKTgQr0w_Wj9KMyU1zLcvQjfSoNTQLD0wx9QpODS9OLSxyd3ItMHW1t9Qtycx0BQWWJpA!!!

En relación aos resto de cuestións formuladas por Dna. [REDACTED] no seu escrito de data 18.12.2023, indicase o seguinte:

En relación ao acceso a "documentación que integran los proyectos mencionados en su solicitud en el expediente número 216922/323" sinalar que en dito escrito formulado en data 30.05.2023 e recibido neste servizo en data 01.06.2023, se solicitaba "ver el preceptivo expediente de antes y después de las obras".

Consultado o aplicativo de xestión de expedientes, non existe expediente algún en relación a petición formulada, senón que consta o expediente administrativo nº 3700-443 de aprobación do proxecto de obras de "HUMANIZACIÓN DA RÚA RONDA DE DON BOSCO", redactado polo arquitecto D. [REDACTED] proxecto que pode ser consultado dende a Plataforma de Contratación do Sector Público na anterior ligazón, e que foi obxecto de licitación no expediente administrativo nº160-441, que tamén pode consultar na mesma ligazón.

En relación ao acceso ao "informe técnico que con carácter previo a la licitación, de acuerdo a lo establecido en el apartado 3 del artículo 333 de la Ley 9/2017, de 8 de noviembre, de Contratos del Sector Público, y del artículo 7 de la Orden HFP/1381/2021, de 9 de diciembre, en el que se recoge todas las actuaciones de la licitación número 160-441", indicar que a referencia legal ao apartado 3 do artigo 333 da Lei 9/2017 fai referencia a Oficina Nacional de Avaliación (ONE), órgano colexiado integrado na Oficina Independente de Regulación e Supervisión da Contratación, que ten como finalidade específica analizar a sustentabilidade financeira dos contratos de

	Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 28/02/2024 14:00	Páxina 2 de 6
	1621-1102	CSV: [REDACTED]	
	Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

concesións de obras e contratos de concesión de servizos, a través da emisión de informes preceptivos. Tratándose dun contrato de obra, e non dun contrato de concesión de obras, non é necesario nin preceptivo a emisión do devandito informe que a cidadá indica no seu escrito, polo que non se pode dar acceso a un informe que non consta no expediente.

Por último, engadir que en relación a solicitude formulada pola cidadá no expediente nº 216922-323, en data 10.10.2023, a Dirección Facultativa das obras de "Humanización da rúa Don Bosco" trasladoulle resposta en relación ao seu escrito, notificación que foi recibida pola interesada na mesma data, indicándolle o seguinte:

"En relación a súa solicitude de data de entrada no Rexistro Xeral do Concello de Vigo o 30 de maio de 2023, en relación as gretas no balcón do seu piso sito na [REDACTED] á Dirección Facultativa das obras comunícalle o seguinte:

> No seu día realizouse un protocolo de gretas, onde se indica que no balcón hai unha fisura no solo do mencionado balcón, dende o exterior a parede. Hai outra fisura entre a esquina superior das portas do balcón, parcialmente reparada.

Polo que, á Dirección Facultativa das obras de "Humanización da rúa Don Bosco", realizadas para o Concello de Vigo, pola adxudicataria Xestión Ambiental de Contratas, SL., entende que non é competencia do Concello de Vigo, e durante a execución das obras a responsabilidade é da empresa adxudicataria.

O que se lle traslada para o seu coñecemento e aos efectos oportunos."

Asemade, en data 29.11.2023, en resposta a chamada que a propia cidadá realiza a Área de Fomento en data 23.11.2023, solicitando que se lle remita o protocolo de gretas, tal e como consta no expediente administrativo 216922-323, remítese o seguinte escrito:

"En relación co asunto, e como resposta ao seu escrito con data de entrada no Rexistro Xeral do Concello de Vigo o pasado 1 de xuño, xunto achégase o protocolo de gretas da obra de Humanización da Ronda de Don Bosco."

Dito protocolo de gretas foi remitido e recibido pola cidadá en data 29.11.2023, e non fai referencia a outro inmovible, tal e como alega a cidadá no seu escrito de data 18.12.2023, senón que na páxina 5 do mesmo, faise referencia a unha mostra da ficha tipo, co obxecto de explicar a información que figura nas fichas, tal e como se mostra na seguinte imaxe:

Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 28/02/2024 14:00	Páxina 3 de 6
1621-1102	CSV: [REDACTED]	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

4 METODOLOGÍA DE INSPECCIÓN

Las patologías detectadas durante la inspección de las diferentes locales y zonas comunes correspondientes al edificio, se recogen en fichas esquemáticas que incluyen una fotografía de la patología, una descripción de la patología representada y un croquis de planta de la vivienda, en la que se encuentra ubicada la patología junto con la orientación de la fotografía.

En la imagen siguiente se incluye una muestra de una ficha tipo, en la que se indica la información contenida en cada uno de los campos que la componen:

enmacosa
Apartado 1

Protocolo de daños en Vivienda Unifamiliar de Travesía de Vigo

UBICACIÓN: 15 P.B.

Descripción de la obra y vivienda inspeccionada

Nº de vivienda y planta correspondientes a la ubicación de la patología:
15 = Nº vivienda. P.B = Planta baja.

Croquis de la planta donde se sitúa la patología.

REF. FOTO: 1980

PATOLOGÍA: Fisura abierta en paramento vertical.

Fotografía detallada de la patología.

Descripción de la patología.

Polo que achégase novamente:

- *Protocolo de danos realizado por [REDACTED] a petición da empresa contratista [REDACTED] L. en data 20.05.2020.*
- *Informe de seguimento do protocolo de danos realizado por [REDACTED] a petición da empresa contratista [REDACTED] L. en data 04.03.2021.*

Asemade, achégase plano do estado de execución das devanditas obras en data 23.07.2020, que tal e como pode observarse no mesmo, nesa data o ámbito de afección das obras non alcanzaba as inmediacións do edificio sito na rúa Mª Auxiliadora nº2.

En relación a solicitude de documentación integrante no expediente de contratación cómpre sinalar que o artigo 5.1 da LTAIBG determina que as Entidades Locais están obrigadas a publicar "de forma periódica e actualizada a información cuxo coñecemento sexa relevante para garantir a transparencia da súa actividade relacionada co funcionamento e control da actuación pública". E respecto os contratos a letra a) do artigo 8.1 da LTAIBG prevé que as administracións "deberán facer pública, como mínimo", "a información relativa aos actos de xestión administrativa con repercusión económica ou

	Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 28/02/2024 14:00	Páxina 4 de 6
	1621-1102	CSV: [REDACTED]	
	Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

orzamentaria que se indican a continuación”, especificándose na materia que agora interesa o seguinte:

“a) Todos os contratos, con indicación do obxecto, duración, o importe de licitación e de adxudicación, o procedemento utilizado para a súa celebración, os instrumentos a través dos que, no seu caso, publicouse, o número de licitadores participantes no procedemento e a identidade do adxudicatario, así como as modificacións do contrato. Igualmente serán obxecto de publicación as decisións de desistencia e renuncia dos contratos. A publicación da información relativa aos contratos menores poderá realizarse trimestralmente. Así mesmo, publicaranse datos estatísticos sobre a porcentaxe en volume orzamentario de contratos adxudicados a través de cada un dos procedementos previstos na lexislación de contratos do sector público”

Así mesmo o artigo 63 da LCSP determina que os órganos de contratación difundirán exclusivamente a través de Internet o seu perfil de contratante, como elemento que agrupa a información e documentos relativos á súa actividade contractual ao obxecto de asegurar a transparencia e o acceso público aos mesmos establecendo no paragrafo terceira a documentación mínima obrigatoria que deberá publicarse.

En materia de contratación o Consello de Transparencia e Bo Goberno en Resolución 152/2020 considera “que la citada finalidade de la LTAIBG (conocer cómo se toman las decisiones que les afectan, cómo se manejan los fondos públicos o bajo qué criterios actúan nuestras instituciones) en este caso se garantiza, como la propia reclamante señala, con la previsión contenida en el artículo 8.1.a) de la LTAIBG, que prevé que la información relativa a la materia de "contratos" debe ser publicada de oficio. No, con la pretensión de recurrir la licitación y adjudicación de un contrato de servicios, con independencia del derecho que se tenga a ello y que a este Consejo de Transparencia y Buen Gobierno no le corresponde valorar, que es una cuestión particular.”

E por isto que procede facilitar a solicitante acceso ao expte de licitación número 160-441 relativo a contratación das obras de "HUMANIZACIÓN DA RÚA RONDA DE DON BOSCO", a través do seguinte enlace:

https://contrataciondelestado.es/wps/portal/lut/p/b0/04_Sj9CPykssy0xPLMnMz0vMAfIjU1JTC3Iy87KtUJLEnNyUuNzMpMzSxKTgQr0w_Wj9KMyU1zLcvQjfSoNTQLD0wx9QpODS9OLSxyd3ItMHW1t9Qtycx0BQWWJpA!!!/


Así mesmo relacionado coa solicitude procede facilitar a seguinte información remitida pola área de Fomento e Servizos.

- Protocolo de danos realizado por [REDACTED] a petición da empresa contratista [REDACTED] L. en data 20.05.2020.
- Informe de seguimento do protocolo de danos realizado por [REDACTED] a petición da empresa contratista [REDACTED] L. en data 04.03.2021.

TERCEIRO.- Do órgano competente

A resolución da solicitude correspóndelle a Concelleira de Área de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal segundo Resolución de Alcaldía de delegacións específicas de data 28.06.2023.

Polo exposto fórmase a seguinte **PROPOSTA:**

	Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 28/02/2024 14:00	Páxina 5 de 6
	1621-1102	CSV: [REDACTED]	
	Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

PRIMEIRO.- Estimar a solicitude formulada por [REDACTED] e facilitar o acceso a información solicitada a través do seguinte enlace:
https://contrataciondeestado.es/wps/portal!/ut/p/b0/04_Sj9CPykssy0xPLMnMz0vMAfIjU1JTC3Iy87KtUJLEnNyUuNzMpMzSxKTgQr0w_Wj9KMyU1zLcvQjfSoNTQLD0wx9QpODS9OLSxyd3ItMHW1t9Qtycx0BQWWJpA!!/ e os seguintes informes:

- Protocolo de danos realizado por [REDACTED] a petición da empresa contratista [REDACTED] L. en data 20.05.2020.
- Informe de seguimento do protocolo de danos realizado por [REDACTED] a petición da empresa contratista [REDACTED] L. en data 04.03.2021.

SEGUNDO.- Comunicar á interesada que contra resolucións de acceso a información pública que pon fin á vía administrativa poderán interpoñerse os recursos ou reclamacións que a continuación se indican:

- a) Recurso contencioso-administrativo perante o xulgado do Contencioso Administrativo de Vigo, dentro do prazo de dous meses contados desde o día seguinte ao da recepción desta notificación.
- b) Con carácter potestativo, reclamación previa á súa impugnación ante a xurisdición contencioso-administrativa perante o Valedor do Pobo de Galicia, dentro do prazo dun mes a contar desde o día seguinte ao da recepción desta notificación ou desde o día seguinte a aquel en que se produzan os efectos do silencio administrativo. No caso de optar pola reclamación non se poderá interpoñer o recurso contencioso-administrativo ata que aquela sexa resolta expresamente ou se producise a súa desestimación por silencio administrativo.

Todo iso sen prexuízo de calquera outro recurso ou acción que estime procedente”.


A Secretaria de Goberno Local, Susana Gallardo Fariña

DECRETO: Vista a precedente proposta, **RESOLVO DE CONFORMIDADE COA MESMA.**

Vigo, data segundo sinatura electrónica á marxe

A Concelleira de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal Dona. Patricia Rodriguez Calviño (Resolución da Alcaldía de data 19 modificada por Resolución de data 28.06.2023, 20.06.2023 e 28.06.2023, BOP nº 129 de data 5.07.2023 e 28.06.2023)

Dou fe, a Secretaria de Goberno Local, Susana Gallardo Fariña

	Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 28/02/2024 14:00	Páxina 6 de 6
	1621-1102	CSV: [REDACTED]	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv			